



**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS
(PONTEVEDRA), Nº 10/2016 DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO, CELEBRADA O 29 DE
SETEMBRO DE 2016.**

Salceda de Caselas, 29 de setembro de 2016

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)
NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)
RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)
VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

Grupo municipal de Movemento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)
CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)
PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)
LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)



Secretario do Concello

Noemí Sirera Diéguez

Interventora do Concello

Elisa Marqués Parrilla



HORA DE INICIO: 10:16 h.

HORA DE REMATE: 10:33 h.

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 10:16 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 388 de 26 de setembro de 2016, reúnen-se en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte orde do día.



ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación da acta da sesión nº 9/2016 de carácter ordinario celebrada o 26 de agosto de 2016.

2.- Convenio de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e o Concello de Salceda de Caselas.-

3.- Proposta de nomeamento dun representante na Comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.-

INICIO DA SESIÓN

1.- Aprobación da acta da sesión nº 9/2016 de carácter ordinario celebrada o 26 de agosto de 2016.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adelante) **o Señor Presidente pregunta** se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 9/2016, ordinaria, de 26 de agosto.

O Sr. Rodríguez Davila: Di que o seu apelido é Davila non Dávila. Pide que nas vindeiras actas se recollan as mocións presentadas nos plenos.

O Sr. Alcalde: Di que páxina 6 hai un erro con respecto do apelido da Concelleira Verónica é Tourón non Tourei.

Non existindo observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 9/2016, de 26 de agosto, incorporando as rectificacións formuladas polos Sres./as Concelleiras e a mesma é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.**

2.- Convenio de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e o Concello de Salceda de Caselas.-

O Sr. Alcalde: Da conta de que unha vez asinado o Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e o Concello de Salceda de Caselas, para a execución das obras de actuación de saneamento nos Concellos integrantes do Consorcio da Auga do Louro. Ramal de Arrotea. Salceda de Caselas (Clave: O=H.336.1111), ascendendo o seu presuposto a 134.466,84 €; con data de 15/09/16 (RX5297) Augas de Galicia solicita deste concello se lle envíe unha documentación que ten que ser aprobada polo Pleno, polo que **PROPÓN** a aprobación dos seguintes acordos:

"Primeiro: Prestar conformidade o proxecto da obra "Actuacións de saneamento nos concellos integrantes do Consorcio da Auga do Louro. Ramal de Arrotea. Salceda de



Caselas (Pontevedra)" de clave: OH.336.1111, cun orzamento de centro trinta e catro mil catrocentos sesenta e seis euros con oitenta e catro céntimos (134.466,84€)

Segundo: Comprometerse a recibir as obras, e como titular asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

Terceiro: Comprometerse á posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, ou de ser o caso, da tramitación do correspondente trámite expropiatorio."

O Sr. Alcalde: Segue dicindo que a empresa que realizou do proxecto equivocouse no topónimo, no título, faise constar Arrotea, cando en realidade a obra a executar é en Pumar de Suso, ten o seu inicio en Torreino do Baladoiro ata o Alto da Portela. Cambiar o nome no proxecto, dado que a Xunta xa tiña avanzado a nivel interno, administrativamente, empezar de cero supuña perder 3 ou 4 meses o inicio da obra, decidiuse seguir así. As obras a executar, segundo os informes técnicos municipais, pasan totalmente por viais públicos municipais, non están afectados por ningún tipo de informe sectorial, polo que se pode certificar a titularidade dos terreos. En canto o proxecto de saneamento sigue o libro de ruta que temos marcado os Concellos e Augas de Galicia na constitución do saneamento integral da cuenca do Louro e do Caselas, en base a ese Consorcio de Augas, que segue un ratio claro de maior número de vivendas por investimento.

O Sr. Núñez Troncoso: Di que o seu grupo congratulábase deste convenio, instando ao Alcalde para que faga os trámites necesarios para realizar convenios como este noutras parroquias, xa que o saneamento debe ser prioritario neste Concello, xa se leva feito bastante pero aínda queda moito por facer, sobre pequenos ramales. É un convenio que se financia integramente con fondos de Augas de Galicia o 100 %, a través doutros fondos da Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) nun 75 %, por augas de Galicia nun 17,50 %, polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50 % e o Concello aporta 0 euros. O noso voto vai ser favorable, pedindo que se faga constar que a obra que se vai a executar é en Pomar de Suso non é Arrotea para evitar posibles problemas xurídicos.

A Sra. Tourón Domínguez: Di que o saneamento é unha prioridade para os veciños, polo que noso voto vai ser a favor. Con respecto do nome é suficiente con que quede reflectido na acta. Para este Grupo quen financie a obra non ten importancia, o que si é importante é que se faga a obra, pois os diñeiro é de todos. Nos gustaría que houbera máis convenios como este.

O Sr. Alcalde: Di que o "proxecto que aprobamos é tal como mandan Augas de Galicia", o proxecto é de Pomar de Suso os planos están correctos polo que non existe ningún problema de tipo xurídico. Este proxecto xa tiña que estar executado o ano pasado, igual que o de Entenza e Soutelo, pero dado que Augas de Galicia non avisou, nin advertiu do 20 % que tiña que poñer deses fondos de remanente, que se asinara, coa outra Concelleira, os 4 concellos do Consorcio o 8 de setembro de 2014, perdeuse dous millóns de euros que viñan para Soutelo e para Entenza. Recuperamos dous convenios, este recuperouno a Xunta e nos o de Entenza.

Con data de 26 de setembro de 2016 a Comisión Informativa **de obras municipais, réxime interior, participación cidadá, medio ambiente e asuntos do Pleno**, en sesión extraordinaria nº 4/2016, **ditaminou FAVORABLEMENTE** por unanimidade dos sres./as concelleiros/as presentes a comisión.

Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:



Primeiro: Prestar conformidade o proxecto da obra "**Actuacións de saneamento nos concellos integrantes do Consorcio da Auga do Louro. Ramal de Arrotea. Salceda de Caselas (Pontevedra)**" de clave: **OH.336.1111**, cun orzamento de centro trinta e catro mil catrocentos sesenta e seis euros con oitenta e catro céntimos (134.466,84€)

Segundo: Comprometerse a recibir as obras, e como titular asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

Terceiro: Comprometerse á posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, ou de ser o caso, da tramitación do correspondente trámite expropiatorio.

3.- Proposta de nomeamento dun representante na Comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.-

O Sr. Alcalde: Da lectura do escrito que entrou no Concello do Secretario da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, solicitando o nomeamento dun representante deste Concello na Comisión Economía e Facenda e Especial de Contas da citada Mancomunidade, sendo a proposta a seguinte:

"Primeiro: Nomear formalmente a D. MARCOS D. BESADA PÉREZ (Alcalde), como representante do Concello de Salceda de Caselas, membro da Comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade de Vigo.

Segundo: Remitir este acordo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. "

Con data de 26 de setembro de 2016 a Comisión Informativa **de obras municipais, réxime interior, participación cidadá, medio ambiente e asuntos do Pleno**, en sesión extraordinaria nº 4/2016, **ditaminou FAVORABLEMENTE ditaminou FAVORABLEMENTE** por unanimidade dos sres./as concelleiros/as presentes a comisión.

Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:

Primeiro: Nomear formalmente a D. MARCOS D. BESADA PÉREZ (Alcalde), como representante do Concello de Salceda de Caselas, membro da Comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade de Vigo.

Segundo: Remitir este acordo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Non habendo máis temas que tratar, ás 10:33 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta catro páxinas numeradas do un catro, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

A SECRETARIA DO CONCELLO

Noemí Sirera Diéguez